

CRÓNICAS TURCAS

Maurice Pialat, 1964

1589

ESTREA EN NUMAX: 06.09.2025 | V.O.S.E. | 74 min

Serie de curtametraxes documentais realizadas durante as viaxes de Maurice Pialat a Turquía en 1964: "Bizancio", "Bósforo", "O corno de ouro", "Estambul", "Mestre Galip" e "Pehlivan".



Entrevista con Maurice Pialat: «Gústanme todas as películas, incluso as mediocres, con tal de que non sexan pretenciosas»

Por Miguel Marías

O comezo da súa carreira estaba vostede máis próximo ao cinema de Rouch, ao documental, que ao cinema de ficción. As súas curtametraxes e documentais no estranxeiro... Tampouco fixen moitas, e escollín iso porque era a única posibilidade que tiña de rodar. Ademais, eran unhas curtas moi baratas...

Estaban producidos pola televisión? Non. Fixen unha serie en Turquía, pero non sei onde se atoparán agora mesmo. Logo rodei algunhas cousas en Arabia Saudí. Iso é todo. E tamén unha serie de curtametraxes que distribuía o Ministerio de Asuntos Exteriores no estranxeiro. Eses foron os meus primeiros anos no cinema.

Antes dedicábase á pintura. Si, pero cando empecei a rodar levaba dez anos sen pintar. Ao final da guerra, a evolución enorme que experimentara a pintura nos anos anteriores detivérase. Os pintores que se movían no meu mesmo ambiente ían todos na mesma dirección, seguían unha liña moi próxima a Matisse. Pode que esa fose tamén a miña liña, pero quedei nos primeiros bosqueños, acababa de «aprender a pintar» e a expoñer cando o deixei. Francia hoxe xa non é o centro da pintura do mundo, pero aínda hai pintores interesantes, polo menos para min. De todos os xeitos, non teño demasiados remorsos porque creo que a pintura está aínda peor que o cinema.

Como é vostede como espectador? Vai moito ao cinema? Gústanme todas as películas, incluso as mediocres, con tal de que non sexan pretenciosas. Houbo unha tempada en que ía moi pouco ao cinema, pero agora volví a facelo.

Que opina do cinema americano? De Martín Scorsese? Vin *Malas rúas* decepcionoume tanto que saín do cinema. O mesmo sucede c'*O cazador*, de Cimino, marchei tres cuartos de hora antes do final, e iso que a voda, a festa polaca, estaba moi ben. *Taxi Driver* non estaba mal, pero non entendo como se pode rodar un taxi montado nunha plataforma, como fan en moitos planos... E en canto a Francia, é moi deprimente, porque non hai ningunha posibilidade de progresar debido á falta de medios. Se queres tratar un tema ou unha idea un pouco persoal, estás condenado a volver facer continuamente a túa primeira película. Tes que volver demostrar, con cada novo proxecto, que tes capacidade para rodar e iso cinguíndose a un orzamento baixo. Só o cinema americano permite rodar con orzamentos moi altos, porque en Estados Unidos tes garantida a distribución mundial da túa película.

Dise que quere adaptar unha novela de Simenon, non se se trataba dunha de Maigret, pero non me sorprendería ver a Maigret nunha das súas películas, porque nas súas relacións cos personaxes da rúa, da vida cotiá, lémbraños bastante aos que vostede filma... É certo, gústame moito Maigret, pero supón entrar nunha das correntes máis perigosas do cinema francés de hoxe, iso é, facer películas ambientadas nos anos trinta, sen ningún afán de renovación, de deixarse levar polo gusto de certo tipo de recreación fácil. O proxecto de «La Chambre Bleue» non era iso. Elixíraa pensando que se podía transpor á época actual, e por iso deixei de preparala: deime conta de que me equivocaba. O mundo de Simenon pode chegar ata os anos cincuenta ou sesenta, porque o que describe despois non corresponde en absoluto á realidade. Mesmo xa nos sesenta, ten unha visión das cousas que xa non se adapta aos tempos de hoxe.